

NORMATIVA DE TRANSFERENCIA E RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS PARA TITULACIÓN ADAPTADAS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR (EEES) (Aprobada en Consello de Goberno do 14 de marzo de 2008)

A Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (BOE 13 de abril) dá nova redacción ao artigo 36 da LOU, para pasar a titularse *Convalidación ou adaptación de estudos*, validación de experiencia, equivalencia de títulos e homologación de títulos estranxeiros. Na nova configuración da LOU, séguese mantendo a existencia de criterios aos que se deben axustar as universidades, pero neste caso estes criterios van ser fixados polo Goberno, a diferenza do sistema actual, no que a competencia corresponde ao Consello de Coordinación Universitaria.

A LOU introduce tamén como importante novidade a posibilidade de validar, a efectos académicos, a experiencia laboral ou profesional, seguindo os criterios e recomendacións das declaracións europeas para 'dar adecuada resposta ás necesidades de formación ao longo de toda a vida e abrirse a quen, a calquera idade, desexen acceder á súa oferta cultural ou educativa', como sinala a súa exposición de motivos.

Para rematar o artigo 36 vén sinalar que o Goberno, previo informe do Consello de Universidades, regulará o réxime de validacións entre os estudos universitarios e as outras ensinanzas de educación superior ás que se refire o artigo 3.5 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Deste xeito e á espera da regulación polo Goberno, poderán ser validables a estudos universitarios:

- As ensinanzas artísticas superiores
- A formación profesional de grao superior
- As ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior
- As ensinanzas deportivas de grao superior

Pola súa banda e en desenvolvemento da LOU, o Real decreto de regulación do ensino universitario (1393/2007) establece un novo sistema de validación de estudos denominado recoñecemento e introduce a figura da transferencia de créditos. Así mesmo vai esixir que na proposta de plans de estudos se incorpore o sistema proposto de transferencia e recoñecemento de créditos, polo que é necesario establecer unha normativa xeral.

A definición do modelo de recoñecemento non só é de importancia capital para os alumnos que desexan acceder a cada titulación senón que ten as súas raíces na propia definición da titulación, que debe de

ter en conta os posibles accesos desde outras titulacións tanto españolas como estranxeiras.

A proposta de regulación ten as seguintes bases:

- Un sistema de recoñecemento baseado en créditos (non en materias) e na acreditación de competencias.
- A posibilidade de establecer con carácter previo á solicitude dos alumnos, táboas de recoñecemento globais entre titulacións, que permitan unha rápida resolución das peticións sen necesidade de informes técnicos para cada solicitude e materia.
- A posibilidade de especificar estudos estranxeiros susceptibles de ser recoñecidos como equivalentes para o acceso ao grao ou posgrao, determinando os estudos que se recoñecen e as competencias pendentes de superar.
- A posibilidade de recoñecer estudos non universitarios e competencias profesionais acreditadas.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno na súa sesión dede... de 2007. acordou aprobar a seguinte **NORMATIVA DE TRANSFERENCIA E RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS PARA TITULACIÓNS ADAPTADAS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN**

ART. 1 DEFINICIÓNS

A *transferencia de créditos* supón a inclusión nos documentos académicos oficiais do estudante, relativos ao ensino en curso, da totalidade dos créditos por el obtidos en ensinanzas oficiais cursadas con anterioridade, na mesma ou noutra universidade e que non conduzan á obtención dun título oficial.

O *recoñecemento* supón a aceptación pola Universidade de Santiago dos créditos que, sendo obtidos nun ensino oficial, na mesma ou outra universidade, son computados noutras distintas a efectos da obtención dun título oficial.

ART. 2 CRITERIOS DE RECOÑECIMENTO

Os criterios xerais de recoñecemento son aqueles que fixe o Goberno e no seu caso concrete a USC mediante Resolución Reitoral. Cada titulación poderá establecer criterios específicos adecuados a cada titulación e que serán plasmados nunha Resolución Reitoral. Estes

criterios serán sempre públicos e vincularán as resolucións que se adopten.

En todo caso serán criterios de recoñecemento os seguintes:

- a) Sempre que a titulación de destino pertenza á mesma rama que a de orixe, serán obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes a materias de formación básica da devandita rama.
- b) Serán tamén obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes a aquelas outras materias de formación básica cursadas pertencentes á rama de destino.
- c) O resto dos créditos serán recoñecidos pola Universidade de Santiago tendo en conta a adecuación entre as competencias e os coñecementos asociados ás restantes materias cursadas polo estudante e os previstos no plan de estudos ou ben que teñan carácter transversal

ART. 3 UNIDADE DE RECONOCIMIENTO

A unidade de recoñecemento serán os créditos, sen prexuízo de poder recoñecer materias ou módulos completos. No expediente figurarán como créditos recoñecidos e teranse en conta a efectos de considerar realizados os créditos da titulación.

ART. 4 SISTEMA DE RECOÑECIMIENTO

4.1.- Para determinar o recoñecemento de créditos correspondentes a materias non recollidas no artigo 2.a) e 2.b) teranse en conta os estudos cursados e a súa correspondencia cos obxectivos e competencias que establece o plano de estudos para cada módulo ou materia. A universidade acreditará mediante o acto de recoñecemento que o alumno ten acreditadas as competencias da titulación e o cumprimento de parte dos obxectivos da mesma nos termos definidos no EEES.

4.2.- Para estes efectos cada Centro poderá establecer táboas de equivalencia entre estudos cursados noutras universidades e aqueles que lle poderán ser recoñecidos no plan de estudos da propia universidade. Nestas táboas especificaranse os créditos que se recoñecen e, de ser o caso, as materias ou módulos equivalentes ou partes de materias ou módulos e os requisitos necesarios para establecer a súa superación completa.

Igualmente estableceranse táboas de equivalencia entre as titulacións anteriores ao Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, e as titulacións adaptadas a esta normativa.

Estas táboas aprobaranse por Resolución Reitoral e faranse públicas para coñecemento xeral.

4.3.- A universidade poderá recoñecer directamente ou mediante convenios, titulacións estranxeiras que dean acceso a titulacións oficiais da USC ou establecer neses convenios o recoñecemento parcial de estudos estranxeiros. A USC dará adecuada difusión destes convenios.

4.4.- Ao alumno comunicaránselle os créditos recoñecidos e o número de créditos necesarios para a obtención do título, segundo as competencias acreditadas e segundo os estudos de procedencia do alumnado. Tamén poderá especificarse a necesidade de realizar créditos de formación adicional con carácter previo ao recoñecemento completo de módulos, materias ou ciclos.

ART. 5 PROCEDEMENTO

O procedemento iníciarase a instancia de parte, salvo o previsto no parágrafo 4.3 do artigo anterior.

En caso dos créditos de materias de formación básica ou a existencia de táboas de recoñecemento, a Unidade de Xestión Académica resolverá directamente a petición no prazo dun mes.

No resto dos casos solicitarase informe previo ao Centro, que deberá emitilo no prazo dun mes.

Será de aplicación subsidiaria e no que non se opoña a esta normativa o Protocolo para a regulación das validacións e adaptacións aprobado polo Consello de Goberno de 26 de abril de 2006.

Art. 6. TRANSFERENCIA

Todos os créditos obtidos en ensinanzas oficiais cursadas na USC ou noutra universidade do EEES serán obxecto de incorporación ao expediente do alumno, previa petición deste.

A USC tenderá a realizar esta incorporación mediante sistemas electrónicos ou telemáticos.

Art. 7 SET

Todos os créditos obtidos polo estudante en ensinamentos oficiais cursados en calquera universidade, tanto os transferidos, os recoñecidos e os

superados para a obtención do correspondente título, serán incluídos no seu expediente académico e reflectidos no Suplemento Europeo ao Título.

Art. 8. RECOÑECIMIENTO DE ESTUDOS ANTERIORES AO REAL DECRETO 1393/2007, DE 29 DE OUTUBRO

O procedemento e criterios para o recoñecemento parcial de estudos de titulacións de Diplomado, Licenciado, Arquitecto, Enxeñeiro ou equivalentes para fornecer efectos en titulacións adaptadas ao EEES serán os establecidos nesta normativa.

Art. 9. RECOÑECIMIENTO DOUTROS ESTUDOS OU ACTIVIDADES PROFESIONAIS

Conforme os criterios e directrices que fixe o Goberno e o procedemento que fixe a universidade poderán ser recoñecidos como equivalentes a estudos universitarios, a experiencia laboral acreditada, as ensinanzas artísticas superiores, a formación profesional de grao superior, as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior, as ensinanzas deportivas de grao superior e aquelas outras equivalentes que estableza o Goberno ou a Comunidade Autónoma.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

1.- A validación de estudos para titulacións non adaptadas ao EEES seguirá rexéndose pola normativa destes estudos.

2.- A validación de estudos nos Programas Oficiais de Posgrado desenvolvidos ao abeiro do Real Decreto 56/2005, de 21 de xaneiro, e modificado polo Real Decreto 1509/2005, de 16 de decembro regularase pola presente normativa e polo Regulamento específico.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade